



BOP

LUNS, 9 DE NOVEMBRO DE 2020

N.º 257

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS - SELECCIÓN PROMOCIÓN E CARREIRA

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE OUTUBRO DE 2020, POLO QUE SE RESOLVE DE FORMA DEFINITIVA O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL - AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, ESCALA ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, GRUPO A - SUBGRUPO A1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, QUENDA LIBRE, CORRESPONDENTE A OEP DO ANO 2017, PLAN DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día trinta de outubro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Celebrado o procedemento selectivo para prover a praza número 828 denominada Técnico/a de Administración Xeral- Axente de emprego e desenvolvemento local, da escala de administración xeral, subescala técnica, grupo A - subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á OEP para o ano 2017, cuxas base xerais s'fixéronse públicas no Boletín Oficial da Provincia núm. 241, de 20 de outubro de 2017 e a Convocatoria e Bases Específicas no BOP Nº 39, de 15 de febreiro de 2019;

Vista a proposta do tribunal cualificador, visto que a aspirante presentou a documentación á que se refire o punto 13.1 das bases xerais que rexen a convocatoria, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos na respectiva convocatoria, esta Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, atendendo á proposta do tribunal cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno, que en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.b).1 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 3.09.2020), acorde:

1º.- Resolver o procedemento selectivo de forma definitiva, nomeando a Dona María del Carmen Lage Fernández para ocupar a praza número 828 denominada Técnico/a de Administración Xeral- Axente de emprego e desenvolvemento local, da escala de administración xeral, subescala técnica, grupo A - subgrupo A1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á OEP para o ano 2017.

2º.- Asignarlle a Dona María del Carmen Lage Fernández o posto denominado Técnico/a de Administración Xeral- Axente de emprego e desenvolvemento local número 1255 asociado a praza que se sinala no apartado 1º."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita."

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes a partir do día seguinte o da publicación do presente acordo no *Boletín Oficial da Provincia* ou ben, recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro que consideren oportuno.

Lugo, 4 de novembro de 2020.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2737

O presente documento estará
exposto no Taboeroiro de
Funcionarios desta Deputación
a partir do día 09-11-2020
até o día 09-12-2020
O XEFE DA UNIDADE
SECRETARÍA DE ENXANCIAS